

## NOTA DE PRENSA

### **A Facultade de Medicina da USC acolle a presentación dun manuscrito inédito de 1905 do prestixioso doutor Gil Casares, no que se destacan os beneficios terapéuticos da auga da fonte de Sela, situada en Arbo**

**O alcalde da época encargouse da súa comercialización como auga de bebida, que se vendía “nas principais farmacias e droguerías de España, Portugal e América”**

---

*Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2012 (Vía Láctea Comunicación).*- A Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia presenta esta tarde na Facultade de Medicina da USC o libro “La Fuente de los Templarios”. Trátase dun manuscrito inédito do distinguido médico compostelán **Miguel Gil Casares**, xunto con outros documentos e fotografías antigas, sobre as augas da fonte de Sela, localizada na localidade homónima, no municipio pontevedrés de Arbo.

Ao acto asistirán os coautores da publicación: o doutor **Fernando Ponte**, a doutoranda **Isabel Rego**, e o ex-alcalde de Arbo **Jorge Freijanes**. Acudirán ademais o doutor **Juan Gestal Otero**, director da Cátedra e decano da Facultade de Medicina da USC; o doutor **Luís Rodríguez Míguez**, codirector da Cátedra; o xerente de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**; e o doutor **Jorge Teijeiro Vidal**, vicepresidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

O doutor **Fernando Ponte**, profesor de Historia da Ciencia, que está a estudar a figura do doutor **Gil Casares**, entre toda a documentación aportada pola familia do afamado médico, atopou un manuscrito inédito titulado “*Memoria histórico-científica de las aguas minerales de Sela*”, datado en 1905. Ademais, a fonte está preto da vivenda do ex-alcalde de Arbo, gran coñecedor da mesma, que facilitou información e material diverso moi valioso a esta publicación.

O autor indica que estas augas descubriunas por casualidade **José Pérez Domínguez**, un sacerdote da diocese de Tui, no verán do ano 1900. Chamoulle a atención que a auga, aínda que cristalina na súa orixe, tiña o leito recuberto dunha capa de ocre. Probouna e, en poucas semanas, “viuse libre dunha pertinaz doenza gástrica que o atormentaba”. Moitos enfermos do contorno seguiron o seu exemplo, logrando “sorprendentes éxitos curativos en diversas doenzas”.

O alcalde de Arbo por aquela época, **Antonio Pérez Barreira**, que ademais era xurista, vendo que a popularidade das augas ía en aumento, legaliza o manancial ao seu nome e instala os medios de captación pertinentes. A pesar de que era pouco caudaloso, don Antonio decátase da súa importancia e dedícaa á exportación como auga de bebida, xa que tan exiguo volume non permitía pensar en baños nin noutras terapias hídricas, máis alá da simple cura hidropínica, é dicir, a que se obtén da bebida. Así, preocupase de que se realice unha valoración clínica da auga, que encarga ao doutor **Casares**, que entón, en 1905, tiña 34 anos e xa gozaba dun enorme prestixio.

## **Importante acción diurética, beneficiosas para corrigir a anemia, trastornos dixestivos, do aparato respiratorio e mesmo a obesidade**

No manuscrito, o doutor **Gil Casares** aborda a composición química destas augas e as súas aplicacións médicas. Tras exhaustivas análises da época, as augas clasifícanse como bicarbonatado-cálcicas, clorurado-sódicas e gaseosas. E, dende o punto de vista bacteriolóxico, son “impecables, puras e cristalinas”. O doutor analiza con detalle a súa acción fisiolóxica sobre a secreción gástrica, confirma que posúen unha importante acción diurética e que favorecen o estado xeral do organismo. Nesta liña, afirma que “aumentan as forzas, corríxese a anemia e levántase o ánimo dos enfermos”.

En canto ás indicacións terapéuticas, recóllese que están recomendadas para tratar enfermidades do estómago e dos intestinos, para facer fronte a doenzas hepáticas e do aparato respiratorio. Tamén “conveñen moito estas augas para combater a gota, a diabete, a asma, certas xaquecas, algúns casos de obesidade e os cálculos de ácido úrico” -destaca o manuscrito-. O doutor **Gil Casares** resalta que a especialización destas augas son as enfermidades do aparato urinario, sobre o que exercen “un efecto terapéutico de primeira orde”. Además, sinala que están indicadas para doenzas da pel. E as inhalacións e pulverizacións son apropiadas para combater os catarros crónicos da farinx e da larinxe.

Debido ao seu escaso caudal para indicar baños alcalinos, o doutor **Gil Casares** manifesta que “están chamadas a adquirir unha reputación tan grande como merecida, particularmente como auga de mesa”. Na etiqueta da botella que se conserva e se recolle na publicación, compróbase que cada unidade custaba 50 céntimos de peseta e vendíanse “nas principais farmacias e droguerías de España, Portugal e América”.

## **A importancia da normativa para o sector termal en Galicia**

Tamén dentro das actividades da Cátedra, antes deste acto, ás 18:30 horas, o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**, impartirá aos alumnos unha conferencia centrada na situación actual do termalismo en Galicia. Profundizará de maneira particular no marco lexislativo que rexe o sector na comunidade galega. Nesta liña, asegura que “a normativa actual ten sido unha das claves fundamentais no desenvolvemento do termalismo en Galicia”.

**PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia**

981 554 407 / 639 768 929 ..... [www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)

[www.balneariosdegalicia.com](http://www.balneariosdegalicia.com)